



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN DA XUNTA DE GALICIA
CEIP LAVERDE RUÍZ – OUTEIRO DE REI
TFNO.: 982828931/982828930. E-MAIL: ceip.laverde.ruiz@edu.xunta.es
Estrada Nacional VI . 27150 OUTEIRO DE REI – LUGO

PLAN DE ACOLLIDA

CEIP LAVERDE RUÍZ

Curso 2020-2021



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN DA XUNTA DE GALICIA
CEIP LAVERDE RUÍZ – OUTEIRO DE REI
TFNO.: 982828931/982828930. E-MAIL: ceip.laverde.ruiz@edu.xunta.es
Estrada Nacional VI . 27150 OUTEIRO DE REI – LUGO

Este documento está elaborado en base ás Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, nas que se indica que, co fin de facilitar a incorporación do alumnado afectado pola suspensión da actividade lectivo presencial durante o curso 2019/2020, o equipo directivo elaborara un Programa de acollida que será presentado ao Consello Escolar do centro e que se desenvolvera nas dúas primeiras semanas do curso, coa organización de actividades globalizadas que informen, polo menos, dos seguintes aspectos: a) Novas normas de organización e funcionamento do centro. b) Actuacións de prevención, hixiene e protección. c) Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial. d) Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión. O equipo directivo procedeu á súa elaboración e preséntao á comunidade educativa na data abaixo indicada

Data de presentación ao Consello Escolar: 07 / 09 / 2020

Data de aprobación polo Consello Escolar: 07 / 09 / 2020



Índice

a) Novas normas de organización e funcionamento	4
b) Actuacións de prevención, hixiene e protección	5
c) Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial	8
d) Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.....	9



a) Novas normas de organización e funcionamento do centro.

O plan de adaptación á situación covid-19 implica unha serie de cambios e modificacións temporais nas Normas de Organización e Funcionamento do colexio.

Neste cadro/resumo reflectimos as máis salientables:

Tema	Modificación
Horarios de entrada	09:20h a 09:30h contemplando 4 entradas para os diferentes cursos (ver anexo I)
Horarios de saída	14:30h: comensales no primeiro turno de comedor e non usuarios de transporte e os que non fan uso do comedor. 15:00h comensales do segundo turno de comedore e usuarios de transporte
Horarios de recreo	1ª quenda: 11:10 - 11:40h 2ª quenda: 11:40 - 12:10h
Espazo de recreo (ver Anexo I)	Educación Infantil: Tres zonas (patio cuberto, zona pavimentada e areiro) rotando semanalmente entre os diferentes niveis educativos desta etapa. Educación primaria: Tres zonas divididas en dúas cada unha (patio frontal, patio cuberto e pista) asignando unha a cada nivel educativo desta etapa.
Gardas de entrada	Haberá un/ha mestre/a en cada entrada ao recinto, así como en cada entrada aos edificios de infantil e primaria, nos corredores de cada andar e nos baños da entrada.
Acompañamento do alumnado	Limitase a un acompañante por alumno/a de infantil no recinto escolar, tanto nas entradas como nas saídas.
Titorías	Preferentemente telemáticas, aínda que se permiten as presenciais con as normas de seguridade reflectidas no plan de actuación.
Biblioteca	Poderá funcionar cun 50% do seu aforo, aínda que se habilitará para aula nas materias de relixión ou valores.
Uso de aseos	Restrínxese o aforo a unha persoa, para o que se empregarán sinais visuais.
Circulación polo centro	Ocupando sempre a parte dereita do corredor e respectando as sinais de circulación.
Actividades internivelares	Debido á organización en grupos de convivencia estable, non se levarán a cabo actividades nas que se mesture alumnado de diferente nivel.



Como o alumnado ten que adquirir novos hábitos que implican tanto o cambio da porta de acceso ao colexio como de ruta que debe seguir para chegar á súa aula, o que sumado ao alumnado que cambia de ciclo, mestre/a e aula, fai necesario organizar dun xeito especial o primeiro día lectivo. Para evitar aglomeracións e confusións propias desa primeira xornada, a Consellería de Educación decidiu secuenciar o inicio de curso en dous días, no seguinte cadro aclaramos os días e horas de inicio de curso.

Cursos	Data de inicio	Zona de recepción	Hora de entrada	Hora de saída
4º, 5º e 6º de primaria	11/09/2020	Porta esquerda ao lado do pavillón	9:20h - 9:30h	14:20h ou 15h (segundo o exposto no apartado anterior “horarios de saída”)
1º, 2º e 3º de primaria	10/09/2020	Porta lateral (zona de diante)	9:20h - 9:30h	14:20h ou 15h (segundo o exposto no apartado anterior “horarios de saída”)
Educación Infantil (5 anos)	11/09/2020	Porta dereita ao lado do pavillón	9:20h - 9:30h	14:20h ou 15h (segundo o exposto no apartado anterior “horarios de saída”)
Educación Infantil (4 anos)	10/09/2020	Porta dereita ao lado do pavillón	9:20h - 9:30h	14:20h ou 15h (segundo o exposto no apartado anterior “horarios de saída”)
Educación Infantil (3 anos)	10/09/2020	Porta dereita ao lado do pavillón	As fixadas no periodo de adaptación	As fixadas no periodo de adaptación

Neste primeiro día de clase, o alumnado estará unicamente co seu titor/a, que será o encargado/a de informar das novas normas de organización e funcionamento, en coordinación co profesorado especialista, que, de ser necesario, pasará polas aulas para informar das peculiaridades que afecten á súa área. Os horarios de recreo respectaranse, deixando a posibilidade de que o alumnado de educación infantil faga un segundo recreo.



b) Actuacións de prevención, hixiene e protección.

Prevención:

O centro educativo non é alleo á situación social e, polo tanto, establecendo un paralelismo coas normas xerais de prevención para calquera cidadán, os obxectivos serán os seguintes:

- Evitar aglomeracións:

- Diseminar as entradas e saídas do alumnado.
- Dispersar as rutas que segue o alumnado para acceder á súa aula.
- Establecer quendas de recreo.
- Dividir o patio para que cada nivel educativo dispoña dunha zona de recreo.
- Regular o acceso aos aseos

- Distancia social:

- Distribuír as mesas nas aulas de tal xeito que exista a maior separación posible entre o alumnado atendendo ao número de alumnos/as por aula e ao espazo dispoñible.
- Evitar situacións de contacto físico.

- Responsabilidade individual:

- O profesorado debe comprometerse a facer un autotest antes de acudir ao centro para evitar ir a traballar con sintomatoloxía compatible coa covid.
- As familias deben adquirir o compromiso firme de non enviar aos seus fillos/as ao colexio se presentan algúns dos síntomas compatibles coa covid; para elo deberán facer un test diario no que comprobren a temperatura, a presenza de tose seca, dificultade respiratoria, a perda de olfacto ou gusto, dor muscular, fatiga severa ou diarrea.

Hixiene:

Neste apartado resumimos as accións a levar a cabo para reforzar a hixiene xeral do centro e a adquisición de hábitos e rutinas de responsabilidade individual.

- Hixiene xeral do centro:

- Reforzar o servizo de limpeza do centro.
- Realizar desinfeccións dos aseos dúas veces por mañá.
- Facer limpeza de aulas e espazos comúns pola tarde.
- Establecer un control da ventilación correcta e abundante das aulas.
- Desinfección dos elementos de uso común por parte do alumnado.



- Hixiene persoal:

- Facer 5 limpezas e desinfección das mans, para o que haberá dispensadores de hidroxel nas aulas e xabón líquido nos baños.
- Adquirir hábitos como tusir ou esberrar contra o cóbado, evitar tocar a cara ou levar obxectos á boca.
- Aprender a manipular correctamente as máscaras.

- Rutinas de responsabilidade individual:

- Os usuarios de espazos e elementos comúns deben adquirir a conciencia de que debe recaer sobre eles a desinfección previa ao uso. Para iso haberá elementos de limpeza e desinfección específicos ou ben panos desbotables e xel. Pode parecer unha medida de “descarga de responsabilidade” ou “abandono de funcións”, pero é todo o contrario, supón un exercicio de educación cívica e respecto.
 - Exemplo: antes de usar un ordenador, debo, como usuario, coller un pano con xel e desinfectar o teclado e rato, acción que debo repetir cando finalice o seu uso.
- Limpeza de elementos propios de traballo: cada mestre ou cada alumno ten uns elementos de emprego persoal, como son a mesa de traballo, bolígrafos, etc. É moi saudable interiorizar a limpeza deses elementos de xeito periódico, o que non exime da limpeza que poida facer o persoal de limpeza.
 - Exemplo: a mesa, como espazo de traballo propio, pode ser receptora de gotículas e o feito de pasar un pano con xel axuda a manter limpa e desinfectada esa zona de contacto case permanente. Como se indica no parágrafo anterior, isto non elimina a limpeza que poida realizar o persoal de limpeza.
- Facilitar o labor do persoal de limpeza: as nosas accións repercuten no traballo doutras persoas. Resultaría inadmisíbel que o persoal de limpeza teña que colocar antes de limpar, é traballo do alumnado e do profesorado ter as mesas ordenadas, os armarios, deixar as cadeiras levantadas e non deixar cousas polo chan. Deste xeito, o persoal de limpeza pode optimizar o seu tempo de traballo e dedicalo aos labores propios.

- Elementos de limpeza a disposición da comunidade docente:

- Xel: en todas as aulas e espazos comúns
- Xabón: nos aseos
- Panos desbotables: en todas as aulas, baños e espazos comúns.
- Solución desinfectante: nas aulas e espazos comúns

Protección:

- Uso de máscara:

- Uso obrigatorio para todo o profesorado.
- Uso obrigatorio para todo o alumnado en zonas comúns e recreos.



- Uso obrigatorio para todo o alumnado de primaria dentro das aulas.
- Pantallas:
 - Para aquelas actividades lectivas nas que o emprego de máscara sexa incompatible.
- Mamparas:
 - Para realizar trámites coas familias instalouse unha na mesa de entrada aos despachos e para separar as mesas no comedor.
 - Na aula de AL, na que se empregará para a realización de tarefas que o requiran.

c) Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.

No mes de marzo a interrupción abrupta das clases presenciais supuxo poñer en marcha en moi pouco tempo todo o necesario para una educación a distancia. Aínda que o resultado foi máis que digno, grazas ao esforzo de profesorado e familias, é necesario comezar o curso 20/21 cunha serie de accións que faciliten o emprego da tecnoloxía, independentemente de que se poidan retomar as sesións virtuais ou non. Deste xeito, se fose necesario volver ao ensino a distancia ou semipresencial, o alumnado tería un maior grao de autonomía para continuar coa súa aprendizaxe.

A formación básica que un alumno/a (ou familia) debe ter para poder ter un mínimo de garantías no caso de ter que realizar docencia non presencial é:

- Acceso á aula virtual (a partir de 3º de primaria)
 - Acceso aos diferentes cursos / áreas nos que estea matriculado/a
 - Envío de tarefas a través da aula virtual
 - Xestión dunha conta de correo electrónico e funcionalidades básicas da conta (de 3º a 6º de primaria).
 - Consulta de cualificacións e comentarios.
 - Envío de mensaxes por vía interna da aula virtual.

Por outra banda, as familias deben coñecer e manexar as vías de información e comunicación existentes no centro, que son as seguintes:



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN DA XUNTA DE GALICIA
CEIP LAVERDE RUÍZ – OUTEIRO DE REI
TFNO.: 982828931/982828930. E-MAIL: ceip.laverde.ruiz@edu.xunta.es
Estrada Nacional VI . 27150 OUTEIRO DE REI – LUGO

- Aplicación Abalarmóbil, dende a que poden realizar consultas relacionadas co ámbito académico, solicitar titorías e recibir mensaxes do centro ou profesorado. Existe a posibilidade de crear salas de mensaxería dende as que podería interactuar co profesorado.
- Correo electrónico: vía formal para realizar consultas, transmitir información e realizar outro tipo de trámites. A dirección empregada será a corporativa: ceip.laverde.ruiz@edu.xunta.gal
- Teléfono: comunicación directa e inmediata, existen dúas liñas, o 982828931 e o 982828930.

As accións formativas que se levarán a cabo estarán dirixidas polo profesorado titor coa colaboración dos mestres especialistas e o equipo docente de TICs.

O primeiro mes de curso pode ser un “laboratorio” interesante para poñer a proba un modelo de ensino mixto. O alumnado pode facer tarefas de reforzo e ampliación na súa casa a través do ensino virtual ou ben acceder a información (vídeos, pequenos textos) que despois se empreguen nas sesións presenciais. Entre as vantaxes está reducir o tránsito de material entre o centro educativo e as casas e, deste xeito, alixerar as mochilas que leva o alumnado. Isto permitiría tamén afrontar con máis garantías un escenario de semipresencialidade nas aulas e abrir o abano de posibilidades educativas e formativas do alumnado.

d) Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades en grupo de acollida e cohesión.

- Os cambios na forma de relacionarse na sociedade deben chegar, por desgracia, tamén ao colexio. Nesta volta ás aulas temos que aprender a socializar con distancia, sen contacto físico ou transmitir emocións sen poder mostrar parte das nosas facianas.
 - Tanto para mestres como para alumnos supón un cambio enorme na interacción habitual e require dun tratamento específico nas aulas.
 - A mímica pode ser unha ferramenta moi útil para substituír accións que implican contacto físico, como unha aperta. O deseño deste tipo de xogos e dinámicas deberían estar presentes nas primeiras sesións e semanas.
 - A nivel social é importante que traballemos o tratamento que reciben as persoas contaxiadas. Estar afectado polo virus non debe ser motivo de discriminación, senón de comprensión e empatía, debemos evitar o rexeitamento social dende a empatía, pois calquera nós podemos pasar por esa situación aínda sen ter cometido actos imprudentes. Polo tanto, se temos a mala sorte de que un compañeiro/a contrae a enfermidade, non podemos culpalo nin demonizalo, senón apoiálo e coidalo emocionalmente.



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN DA XUNTA DE GALICIA
CEIP LAVERDE RUÍZ – OUTEIRO DE REI
TFNO.: 982828931/982828930. E-MAIL: ceip.laverde.ruiz@edu.xunta.es
Estrada Nacional VI . 27150 OUTEIRO DE REI – LUGO

- O mesmo temos que facer coas persoas que presenten síntomas compatibles, tomar precaucións non implica desprezo e rexeitamento, polo que debemos facer actividades de sensibilización neste eido.
- Outro aspecto sobre o que debemos incidir no tratamento transversal do tema é a difusión de bulos e as bromas relacionadas co virus. Temos que formar ao noso alumnado para que non caia en cadeas de transmisión de información que non estea fundamentada e confirmada, estamos nunha época na que se pode ferir a compañeiros/as facendo comentarios en torno ao seu estado de saúde que poden alterar a convivencia no colexio. Sucede o mesmo coas bromas de mal gusto relacionadas co coronavirus, non cabe dúbida de que o emisor seguramente non teña intención ofensiva, pero pode darse o caso de que nenos/as con parentes ou coñecidos afectados/as poidan verse violentados por esta situación, polo que temos que intentar evitalas.
 - A perda de liberdade do alumnado é máis que evidente, xa que son moitas as limitacións que se atopará no retorno ao colexio. Será importante transmitir que se trata dunha situación transitoria e que ese esforzo vai en beneficio de todos/as, e como cidadáns debemos cumprir con estas restricións cun único obxectivo: contribuír a frear o virus e conseguir que todo isto acabe.
 - O alumnado necesita ser escoitado, polo que debemos deseñar accións que induzan a que se exprese, a que transmita emocións, opinións, incluso a que aporten solucións, deste xeito podemos facelos partícipes de todas as medidas adoptadas para evitar contaxios.



Anexo I: Plano entradas e zonas de recreo

